

EDMOND ABOUT

O nariz dun notario

Traducido por Marie Abraira



Vólvense os paxaros contra as escopetas

ORIENTE E OCCIDENTE RIFAN. CORRE O SANGUE

O señor Alfred L'Ambert, denantes do golpe fatal que o obrigou a cambiar de nariz, era, sen ningún xénero de dúbidas, o máis brillante notario de Francia. Daquela tiña trinta e dous anos; era de elevada estatura e lucía uns ollos grandes e amendoados, unha fronte olímpica e barba e cabelos dun louro admirable. O seu nariz (primeiro de tal nome) curvábase en forma de bico de aguiá. Malia haber quen non me crea, a gravata branca acaíalle de marabilla. Sería porque a levaba dende a máis tenra idade ou porque se provía delas nun bo fabricante? Teño para min que por ambas as dúas razóns asemade.

Porque unha cousa é atar ao pescozo un pano de peto enrolado coma unha corda, e outra ben distinta é formar con arte un fermoso nó de batista branca cos dous extremos iguais, amidonados na xusta medida e dirixidos simetricamente cara á dereita e cara á esquerda. Unha gravata branca ben escolleita e ben anoada non é un afeito sen graza, como ben vos diría calquera dama. Mais non abonda con poñela; tamén cómpre saber lucila, e iso é cuestión de experiencia. Por que os obreiros semellan tan desamañados e chafulleiros o día da voda?

Pois porque van disfrazados cunha gravata branca sen estudo preparatorio ningún.

Un afaise nun dicir amén a lucir os toucados máis exorbitantes; unha coroa, poño por caso. O soldado Bonaparte recolleu unha que o rei de Francia deixara caer na praza Luís XV³. Colocouna el mesmo, sen tomar leccións de ninguén, e Europa declarou que tal toucado non lle aquecía mal. Deseguida puxo a coroa de moda no círculo familiar e entre os seus amigos íntimos. Ao seu redor, todo o mundo a portaba ou quería portala. Pero ese home extraordinario nunca pasou de ser un portagravatas bastante mediocre.

O señor vizconde de C..., autor de varios poemas en prosa, estudara Diplomacia, ou a arte de se engravatar con proveito. En 1815 asistiu á revista do noso último exército, días antes da campaña de Waterloo, e sabedes que foi o que máis lle chamou a atención naquela heroica festa na que se desatou o entusiasmo desesperado dun gran pobo? Pois que a gravata de Bonaparte non lle acaía ben.

Poucos homes, nese pacífico eido, poderían medirse co señor Alfred L'Ambert. Chámolle L'Ambert, e non Lambert, en virtude dunha resolución do Consello de Estado. O señor L'Ambert, sucesor do seu pai, exercía o notariado por dereito de nacemento. Había máis de dous séculos que esta ilustre familia se transmitía, de varón en varón, o estudio da rúa de Verneuil, que contaba coa máis selecta clientela do barrio de Saint-Germain.

O cargo endexamais se valorara, xa que nunca saíra da familia; mais, a xulgar polos beneficios dos últimos

³Actual praza da Concordia.

